CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar

Contidos

- argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de grupo
2. Cuestionario persoal de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	78	78	85	83	75	88	75	75	80	80
Táboa de indicadores	22	22	15	17	25	12	25	25	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua, seguindo o progreso na aula e utilizando esa información nas clases.

A avaliación continua baséase no seguimento que facemos do alumnado e na utilización dese seguimento para dirixir o seu progreso, o que fará que o papel do alumno sexa aínda máis activo: aprenden das pautas que lles facilitamos pero tamén do seguimento que realizan eles mesmos.

Os alumnos e alumnas non medran ao mesmo ritmo nin aprenden do mesmo xeito, polo que necesitamos avaliar a cada alumno ou alumna de modo individual e non comparalos con outros alumnos ou alumnas da clase. O obxectivo debe centrarse no progreso e desenvolvemento de cada alumno ou alumna en particular.

Os seguintes Criterios de avaliación están adaptados aos que establece a lei en relación cos materiais didácticos e considéranse áreas de avaliación importantes e necesarias:

Comprensión global. Preténdese comprobar a capacidade do alumnado de captar o esencial en mensaxes orais breves, emitidas nas condicións máis idóneas de comunicación, é dicir, en situacións de comunicación directa e con apoio contextual.

Comprensión de mensaxes específicas. Preténdese comprobar a capacidade de comprender non só a idea global, senón tamén detalles concretos previamente sinalados, de textos orais e escritos que sexan sinxelos e que lle resulten familiares ao alumnado, aínda que outras partes da mensaxe non se capten con precisión.

Produción de mensaxes. Avalíase a capacidade do alumnado para expresarse oralmente en situacións cotiás. Valórase especialmente a comprensibilidade da mensaxe, desculpando os posibles erros de pronuncia que non afecten á comprensión.

Pronuncia. Preténdese comprobar se o alumnado asimilou o sistema fonolóxico do inglés, tanto os seus fonemas, como o ritmo e a entoación, e se son capaces de usalo tanto na comprensión como na produción de mensaxes sinxelas, contextualizadas e xa coñecidas.

Asimilación de novo vocabulario. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprender e utilizar adecuadamente o vocabulario e as expresións léxicas que son obxecto de aprendizaxe. A asimilación do léxico comprobarase sempre en situacións contextualizadas e próximas á experiencia propia do alumnado.

Participación na clase. Mediante a observación do comportamento do alumnado, avalíase se participan de forma construtiva nas situacións de comunicación propias da clase, respectando as normas que permiten o intercambio comunicativo.

Traballo cooperativo. Avalíase tamén mediante a observación do comportamento do alumnado, se participan de forma construtiva nas actividades do grupo, colaborando co seu traballo ao desenvolvemento harmónico da aprendizaxe na aula.

Traballo individual. Avalíase, mediante a observación do comportamento do alumnado, como realiza o seu traballo individual en canto a corrección no contido e esmero na presentación, así como se finaliza as súas tarefas no tempo previsto.

Interese por aprender. Preténdese constatar se o alumnado manifesta interese por progresar na súa aprendizaxe e curiosidade por coñecer cousas novas, se presta atención na clase, se fai preguntas ou se consulta dúbidas.

Respecto polos demais. Avalíase se o alumnado manifesta respecto polos seus compañeiros ou compañeiras e polo profesorado, escoitando sen interromper, respectando a quenda de palabra e apreciando as ideas e opinións dos demais.

Interese por coñecer outras culturas. Avalíase se o alumnado manifesta interese por coñecer aspectos culturais dos pobos anglofalantes, se presta atención cando se fala destes temas e se fai preguntas para ampliar os seus coñecementos.

Utilización das normas de cortesía. Preténdese constatar, mediante a observación directa se o alumnado utiliza na comunicación en inglés as formas de cortesía que vai aprendendo e se as incorpora á rutina normal da clase.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cada trimestre faremos como mínimo tres probas escritas ao final de cada unidade, que avalían a comprensión oral e escrita e a produción escrita que representarán aproximadamente o 80% da nota.

As probas escritas constarán de exercicios de multiple choice, formularios, verdadeiro/falso, completar con información, unha ou varias palabras, reescribir, reformular ou ordear oracións, atopar os erros, etc.

Os proxectos, o bloque de interacción e produción oral serán avaliados con táboas de indicadores e representarán aproximadamente o 20% da nota. A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final. A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA, PRODUCCIÓN ESCRITA: aproximadamente o 80% da cualificación Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ORAL, PROXECTOS E TRABALLOS: aproximadamente o 20% da nota. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guía de corrección, listas de cotexo

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.			X		X		X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.		X		X		X		
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.			X				X	X
ET.8 - A educación para a saúde		X					X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.					X			
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X			X		X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		X			X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X
ET.7 - A creatividade.	X
ET.8 - A educación para a saúde	X

	UD 9
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre: Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X		
2º Trimestre: Charla mediante videoconferencia con algún autor ou autora en lingua inglesa.	O departamento organizará un coloquio ou charla cun autor ou autora en lingua inglesa para fomentar a interculturalidade e a posta en práctica das habilidades lingüísticas adquiridas		X	
3º Trimestre: Proxecto lingüístico propio	A decidir polo departamento, posible viaxe lingüística			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.

Proporcione información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados